PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA AREA DEPORTIVA EN A LAGOA

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

PROMOTOR: CONCELLO DE CARBALLO

EQUIPO REDACTOR:

ALFREDO GARROTE PAZOS

ARQUITECTO XEFE DO ÁREA DE URBANISMO E OBRAS

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible
Firmado digitalmente por: MARINA NÚÑEZ ORJALES - 32820109Y
Motivo: Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa (expediente 2024/U035/000001). Documento de aprobación inicial. Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria 10/2025, de 19/05/2025 (punto 8 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria municipal, Marina Núñez Orjales.

15019_PEID_202411_B_AAE_01DAE

DAE- INDICE.

1.- FINALIDADE DA PLANIFICACIÓN. INSTRUMENTO URBANÍSTICO. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE. ÁMBITO DE ACTUACIÓN. 2

1.1. FINALIDADE DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS. LEXISLACIÓN URBANÍSTICA DE APLICACIÓN. 2

1.2. ENCADRE TERRITORIAL. XUSTIFICACIÓN DA IMPLANTACIÓN DA INSTALACIÓN PREVISTA NO PLAN ESPECIAL. 3

1.3. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EXISTENTES NA VILA DE CARBALLO. NECESIDADE DE NOVAS INSTALACIÓNS. 4

1.4. AMBITO DO PLAN ESPECIAL. 5

2. MOTIVACIÓN E TRÁMITACIÓN DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA. 6

3.- OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN. 7

3.1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS. 7

3.2.- OBXECTIVOS AMBIENTAIS. 7

4.- ALCANCE E CONTIDO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS E DAS ALTERNATIVAS CONSIDERADAS. 9

4.1.- DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL. 9

4.2.- ALTERNATIVAS CONSIDERADAS. 9

5.- CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO ANTES DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN. .. 13

5.1. LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL. 13

5.2. DESCRICIÓN XERAL DO ÁMBITO DE ESTUDIO. 13

5.3. USOS DO SOLO. ELEMENTOS NATURAIS E CONSTRUCIÓNS EXISTENTES. 13

6.- RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DA ALTERNATIVA CONTEMPLADA. 15

7.- EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES. 16

8. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE A NORMATIVA SECTORIAL E OS INSTRUMENTOS TERRITORIAIS CONCORRENTES. 18

8.1.- AFECCIÓNS DA LEXISLACIÓN SECTORIAL. 18

8.2.- INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO. 19

9. MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVIR, REDUCIR E CORRIXIR CALQUERA EFECTO NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO AMBIENTE DA APLICACIÓN DA PLANIFICACIÓN. 19

10.- MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUEMENTO AMBIENTAL DO PLAN. 24

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

36053_PE_202207_B_AAE_01DAE

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO.

1.- FINALIDADE DA PLANIFICACIÓN. INSTRUMENTO URBANÍSTICO. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE. ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

1.1. FINALIDADE DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS. LEXISLACIÓN URBANÍSTICA DE APLICACIÓN.

O plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo (PXOM) aprobouse definitivamente por *Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de medio Ambiente e Ordenación do Territorio* (DOG 26-02-2016 e BOP 03-02-2016). Trátase dun plan xeral adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG).

De acordo co establecido no artigo 68.2. da LSG a finalidade do presente plan de infraestruturas e dotacións (PEID) é establecer unha dotación urbanística de carácter público destinada a sistema xeral de equipamento deportivo nunha zona inmediata ao solo urbano de Carballo en terreos clasificados no PXOM como solo rústico.

Para a formulación do PEID deberase ter en conta o disposto nos artigos 68 e 71 da LSG e 177, 178, 183 e 184 do RLSG:

1. A finalidade do PEID coincide coa que se dispón no artigo 177.1.c) do RLSG de planificar a implantación dunha dotación urbanística de carácter público en calquera clase de solo, neste caso en solo rústico, que non está prevista no plan xeral.
2. Trátase dun plan especial non previsto cuxa finalidade responde ao establecido no artigo 177.3, do RLSG, de establecer unha dotación urbanística que non exixe a previa definición dun novo modelo territorial.
3. O plan especial non modifica a clasificación de solo rústico dos terreos nos que se proxecta a implantación do equipamento sanitario (art. 178.2. RLSG).
4. Xustifícase a coherencia co plan xeral de ordenación municipal e coa normativa sectorial que afecta aos terreos onde se formula o plan especial (art. 178.3. RLSG).
5. O obxecto do PEID é establecer e ordenar un equipamento comunitario público en solo rústico que é un uso permitido nesta clase de solo de acordo co disposto nos artigos 35.1.p da LSG e 50.1.p do RLSG (art. 183.1. do RLSG).

O PEID deberá incorporar as determinacións axeitadas o seu obxectivo e finalidade segundo o disposto nos artigos 73.2. da LSG e 183.2. do RLSG:

a. Delimitación do espazo reservado para a dotación e o seu destino concreto, cualificando os terreos como dotacional de sistema xeral de equipamento de carácter público.
b. Implementar as medidas necesarias para resolver as conexións co viario de acceso e cos servizos urbanísticos.
c. Establecer a medidas necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade da dotación urbanística.
d. Regular as características da dotación e dos parámetros edificatorios aplicables coherentes co solo rústico no que se pretende implantar.

e. Establecer a regulación doutros criterios e normas ás que se teña que adaptar o proxecto técnico que desenvolva a dotación urbanística.

1.2. ENCADRE TERRITORIAL. XUSTIFICACIÓN DA IMPLANTACIÓN DA INSTALACIÓN PREVISTA NO PLAN ESPECIAL.

A actuación obxecto do presente plan especial localízase na Vila de Carballo capital do municipio do mesmo nome que se sitúa na zona central do municipio, atravesada polo río Anllóns, nun cruce de importantes vías de comunicación. Nesta Vila concéntranse mais de 20.000 habitantes que supoñen un 63% do total da poboación municipal que actualmente é duns 31.600 veciños. As actividades económicas céntranse no comercio e servizos sen esquecer unha importante actividade empresarial que se concentra sobre todo na factoría de industrias Calvo e no parque empresarial de Bértoa que é un dos mais grandes da Comunidade Autónoma e que xa vai pola súa terceira ampliación.

Outros factores a ter en conta en conta en relación á actuación obxecto da presente planificación é o papel que xoga a Vila de Carballo como cabeceira comarcal de Bergantiños e polo de atracción para os concellos próximos de Costa da Morte; Malpica, Ponteceso, Laxe,... e a boa accesibilidade e conexión cos municipios da contorna e da cidade da Coruña por medio da autovía AG-55.

A nivel territorial, o concello está integrado no sistema urbano intermedio de *"Carballo e a costa de Bergantiños"* definido nas Directrices de ordenación do territorio (DOT):

> ***B. Carballo e a costa de Bergantiños***
>
> *Esta área, que agrupa unha poboación próxima aos 70.000 habitantes, está experimentado un continuado proceso de crecemento.*
>
> *A intensidade dos intercambios entre A Coruña e Carballo converte este en **centro receptor dos desenvolvementos vinculados ao crecemento da Rexión** urbana Ártabra. A autoestrada A Coruña-Carballo, a autovía Carballo-Berdoias e o atractivo da franxa costeira configúranse como os principais eixos de expansión de dinámicas supramunicipais de grande importancia nun dos ámbitos que experimentou un gran dinamismo nos últimos anos. O novo porto exterior da Coruña reforzará a vinculación deste espazo aos procesos de desenvolvemento de actividades produtivas ao redor da Rexión urbana Ártabra. Tamén este espazo conta cun elevado potencial de desenvolvemento endóxeno, o que reforza o potencial económico deste conxunto espacial.*
>
> *As actuacións territoriais e sectoriais dispoñen dunha interesante oportunidade para o desenvolvemento dos espazos residenciais e de acollida de actividades produtivas no núcleo de Carballo e nos parques empresariais que se están a crear entre a autoestrada e a estrada nacional dos concellos de Laracha, Carballo e Coristanco. Considérase que este proceso de novos asentamentos debe darse tamén ao redor dos núcleos tradicionais xa consolidados de Paiosaco, A Laracha, Carballo e San Roque, situados ao longo da estrada AC-552, con dimensións proporcionais ao tamaño de cada núcleo e tipoloxías acordes coas características destes.*
>
> ***Nesta estratexia é fundamental dotar de elementos de centralidade a Carballo** que compensen a proximidade á Rexión urbana**. Así as actuacións sectoriais priorizarán este núcleo na dotación de equipamentos públicos**. Igualmente favoreceranse as actividades comerciais e terciarias.*
>
> *Estas dotacións terciarias deben permitirlle a Carballo articular os desenvolvementos turísticos e de primeira e segunda residencia no litoral da costa de Bergantiños. No ámbito máis occidental Laxe ten entidade para atraer desenvolvementos turísticos e de segunda residencia, consolidando o porto como zona de identidade principal e centro de servizos.*
>
> *No resto do territorio o obxectivo será evitar crecementos dispersos admitíndose tan só os pequenos desenvolvementos acordes co carácter dos núcleos tradicionais e favorecéndose aqueles sinalados como Núcleos de identidade do litoral nestas Directrices e no Plan de ordenación do litoral.*

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

Neste enfoque que se fai nas DOT do papel territorial de Carballo queda moi claro a necesidade de dotar a este Vila de elementos de centralidade en especial de dotacións de equipamentos públicos que é precisamente o obxecto do presente plan especial.

1.3. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EXISTENTES NA VILA DE CARBALLO. NECESIDADE DE NOVAS INSTALACIÓNS.

Na memoria informativa inclúense os datos dun informe realizado polo Servizo municipal de deportes no que, entre outros temas, faise un análise das instalacións deportivas de uso público existentes en Carballo, tanto as municipais como as dos centros educativos cos que existen convenios para a súa utilización extraescolar. Compre sinalar que moitos usuarios destas instalacións, en especial os que pertencen a equipos federados, residen noutros concellos do área de influencia.

A continuación imos a relacionar as instalacións deportivas que se localizan na Vila de Carballo que son as que se están a utilizar de forma mais intensiva polos deportistas locais e da zona de influencia:



1- COMPLEXO DEPORTIVO VILA DE NOIA
2- COMPLEXO DEPORTIVO CARBALLO CALERO
3- CAMPO DE FÚTBOL AS EIROAS
4- PABELLÓN CEIP FOGAR
5- PABELLÓN CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO
6- PABELLÓN IES ISIDRO PARGA PONDAL
7- PISTA POLIDEPORTIVA DE A MILAGROSA
8- PISTA POLIDEPORTIVA DE SAN CRISTOBAL
9- PISTA POLIDEPORTIVA DE O CHORÍS
10- PISTA POLIDEPORTIVA NO CEIP FOGAR
11- PISTA POLIDEPORTIVA NO CEIP A CRISTINA
12- PISTA POLIDEPORTIVA NO CEIP BERGANTIÑOS
13- PISTA POLIDEPORTIVA NO CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO
14- PISTA DE TENIS BARRIO DE SAN CRISTOBAL
15- PISTA DE SKATE
16- PABELLÓN IES MONTE NEME
17- PISTA POLIDEPORTIVA NO IES MONTE NEME

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

No mesmo informe analízanse os datos de ocupación e de uso das instalacións deportivas existentes e conclúese que as necesidades de novas instalacións céntranse especialmente nas seguintes:

- **Construción dun novo campo de fútbol de herba natural con capacidade para 2000 a 4000 espectadores**, que son os requirimentos da Real Federación Española de Fútbol (RFEF) para o caso de ascenso do equipo de referencia da localidade á 1ª RFEF que é o obxectivo fixado pola entidade *Club de fútbol Bergantiños*.
- **Construción dun pavillón de deportes polivalente** (multiusos) con espazos auxiliares suficientes para o desenvolvemento de todo tipo de actividades deportivas e unha capacidade de 1200 – 1500 espectadores.
- **Construción dunha pista de atletismo regulamentaria de exterior**, para poder celebrar competicións e adestramentos polos clubs locais.

O informe conclúe coa necesidade de afrontar a construción dunha **Cidade Deportiva** ou **Área Deportiva** en Carballo nun espazo único, onde se poidan albergar as novas instalacións necesarias cunhas dimensións adecuadas, tanto dos propios espazos deportivos como dos servizos auxiliares que os complementen, así como as zonas de acceso, aparcadoiros, zonas de lecer,.... Esta instalación debería conformarse como un espazo unitario e facilmente accesible de forma peonil ou en bici dende el casco urbano e as súas zonas inmediatas, tal e como se marca na Axenda 2030.

Enlazando co anterior compre sinalar que a acción **1.2.5.** da Axenda Urbana de Carballo (AUC), referente á *"Mellora das infraestruturas deportivas existentes e creación de novas infraestruturas no municipio"* , considerada de **prioridade alta a medio prazo,** ten como obxectivo principal a creación dunha **Cidade Deportiva** *"que ofreza un amplo abanico de instalacións para satisfacer as necesidades tanto das persoas federadas como do deporte social."* Nesta acción contémplase tamén que *"A modificación urbanística necesaria para a creación desta Cidade Deportiva é un aspecto crítico que debe ser abordado para garantir a súa integración harmoniosa no tecido urbano existente".*

1.4. AMBITO DO PLAN ESPECIAL.

O ámbito do plan especial está formado por uns terreos situados moi preto da Praza do Concello que é o centro neurálxico da Vila de Carballo. A superficie total é de 81.551 m² segundo o catastro coincidindo cun levantamento topográfico realizado recentemente. Está integrado por 80 parcelas catastrais cuxas referencias e superficies se indican na memoria informativa.

Os lindeiros do ámbito son os seguintes:

- Norte: Parcela con referencia catastral 5748104NH2845N, resto das parcelas 5748105NH2845N, 15019A08200351, 15019A08200350, 15019A08200203 e 15019A08200348 e parcelas con referencias catastrais 15019A08200204 e 15019A08200390.
- Sur: Parcelas de solo urbano de Carballo que dan fronte á rúa Álvarez de Sotomayor e parcelas con ref. catastrais 15019A08200324, 15019A08200393 e prolongación da rúa Álvarez de Sotomayor.
- Este: Camiño.
- Oeste: Rúa Vila de Negreira e parcelas con referencias catastrais 5748138NH2854N, 5748139NH2854N, 574807NH2854N e 5748103NH2854N.

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

Ámbito do PEID sobre cartografía catastral

2. MOTIVACIÓN E TRÁMITACIÓN DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA.

De acordo co establecido nos artigos 46.2.b) da LSG e 81.2.b) do RLSG o PEID, como planeamento de desenvolvemento urbanístico, será obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada (AAES).

En base ao disposto nos artigos 29 a 32 da *Ley 21/2013, de 9 de diciembre de evaluación ambiental* e no artigo 35 da *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de* Galicia, o procedemento de AAES terá os seguintes pasos:

- O concello de Carballo trasladará ao órgano ambiental (D.X. de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da CMATV) a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que achegará o borrador e o documento ambiental estratéxico que conterá, a lo menos, a información que se establece no artº 29 da Ley 21/2013.
- O órgano ambiental someterá a documentación achegada ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas. O prazo para a realización deste trámite será de trinta días hábiles (artº 35.3.) da Lei 9/2021)..
- O prazo para formular o informe ambiental estratéxico é de tres meses desde a recepción da solicitude de inicio e da documentación completa que se deba xuntar (artº 35.2.c) da Lei 9/2021).
- A publicación no DOG do IAE realizarase nos dez días hábiles seguintes á súa formulación (artº 35.4) da Lei 9/2021).

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

3.- OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN.

Tal e como indicamos anteriormente o obxectivo do plan especial é establecer unha dotación urbanística de carácter público destinada a sistema xeral de equipamento deportivo nunha zona inmediata ao solo urbano de Carballo nuns terreos clasificados no PXOM como solo rústico.

3.1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

A planificación responde aos obxectivos e criterios que se indican a continuación:

1. Cubrir a necesidade de instalacións deportivas que constan no informe elaborado polo Servizo municipal de deportes do concello de Carballo.
2. Cumprir cos obxectivos e liñas de actuación previstas no **Marco Estratéxico** da **Axenda Urbana de Carballo** (AUC), en concreto o OBXECTIVO 1 de *"Mellorar as condicións do espazo urbano e da contorna natural de Carballo"* e a LIÑA DE ACTUACIÓN L.1.2. "*Mellora do espazo urbano e contorna construída da vila de Carballo".* Este obxectivo e liña de actuación plásmase nunha acción concreta programada no **Plan de Acción** da AUC que é a 1.2.5. consistente na *"Mellora das infraestruturas deportivas existentes e a creación de novas infraestruturas no municipio"* cuxa meta principal a creación dunha cidade deportiva.
3. Fixar a posición do ámbito tendo en conta a súa relación coa contorna inmediata e coas outras instalacións deportivas existentes na Vila de Carballo.
4. A inserción na estrutura viaria existente e a creación de infraestrutura de aparcadoiros disuasorios ou de proximidade de carácter permanente.
5. A consideración e priorización da mobilidade e accesibilidade peonil e ciclista ás novas instalacións deportivas prevendo a infraestrutura necesaria de acordo co previsto na *Actualización da estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no Concello de Carballo.*
6. A adaptación á accesibilidade universal.
7. A clasificación e cualificación urbanística dos terreos como solo rústico, considerando o réxime previsto na LSG e as determinacións que se establecen no PXOM de Carballo para o sistema xeral de equipamentos.
8. O axuste ás determinacións que se derivan da lexislación sectorial con incidencia no ámbito.
9. As condicións de tipo paisaxístico e as recomendacións que se conteñen na *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos.*

3.2.- OBXECTIVOS AMBIENTAIS.

Realizouse un exame de fotografías aéreas e ortofotografías históricas correspondentes ao voo americano do ano 1957, voo interministerial de 1985, PNOA de 2004 e da actualidade. En base a este pequeno análise pódese concluír que os terreos que se integran no ámbito formaban parte nos anos 50-60 dunha zona moito mais ampla, que chegaba dende o río Anllóns ata o que hoxe é a Gran Vía, que estaba ocupada de forma intensiva por cultivos, de aí, o topónimo de "*Agra da Lagoa*". Posteriormente foi diminuíndo gradual e substancialmente o número de fincas cultivadas ata o momento actual no que o uso do solo é mixto cunha cobertura de cultivos herbáceos e prados, predominando estes últimos.

Por outra banda pódese apreciar nestas imaxes o avance do tecido urbano cara o leste ocupando os terreos próximos á rúa Vila de Negreira. O baleiro existente ao oeste desta vía á altura do ámbito é debido a que os terreos están clasificados como solo urbano e urbanizable de uso residencial dende o ano 2003, o

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

futuro desenvolvemento urbanístico destes terreos garante unha transición ordenada entre o solo urbano actual e a nova zona deportiva.



Fotografía aérea do ámbito do PEID e o seu contorno dos anos 1957 e1985



Fotografías aéreas de 2004 e actual

Debido a esta evolución no uso do solo atopámonos cun ámbito que conta cun grao de antropización considerable pero que tamén amosa aspectos naturais e paisaxísticos que compre preservar e mesmo poñer en valor. Polo tanto deberanse compatibilizar as necesidades do novo uso e a conveniencia do emprazamento proposto cos valores ambientais, para conseguilo, propóñense unha serie de medidas a ter en conta para a realización da actuación que se aplicarán sobre todo na zona a manter en estado natural:

a. A actuación adecuarase o máximo posible á orografía dos terreos.
b. Deberase realizar unha transición adecuada, dende o punto de vista natural e paisaxístico, do ámbito coa súa contorna mais inmediata e co fondo panorámico:
   - Ao norte sur e oeste o casco urbano de Carballo.

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

- Ao leste a veiga do río Anllóns na que o PXOM proxecta un parque urbano..

c. As edificacións situaranse nos emprazamentos mais axeitados para o desenvolvemento das actividades previstas, o mais preto posible do solo urbano, racionalizando a ocupación do solo.
d. Procurarase minimizar as afeccións sobre o medio mantendo a funcionalidade dos ecosistemas.
e. Establecerase unha continuidade e complementariedade funcional e ecolóxica coa contorna a través dos terreos en estado natural.
f. O deseño das zonas en estado natural como *"Áreas de actividade deportiva programada"* definidas na Lei do deporte de Galicia terán continuidade co sistema xeral de espazos libre SX-EL1 previsto no PXOM .
g. Respectaranse as masas vexetais autóctonas, en especial as de arboredo.
h. Reforzaranse as plantacións existentes con especies autóctonas de procedencia local.
i. Eliminaranse as especies alóctonas especialmente as invasoras.
j. Manterase o estado natural dos terreos en mais do 50% da superficie do ámbito respectando as especies vexetais existentes e realizando a plantación de novos exemplares de arboredo autóctono
k. A actuación producirá a mínima modificación do relevo natural do terreo. Os movementos de terras e alteración da topografía serán os mínimos necesarios sen que se produzan desmontes e/ou recheos que superen 1,50 m. de altura respecto do terreo orixinal. Os noiros xerados remataranse con vexetación ou con valados de pedra natural ou de formigón visto cun tratamento adecuado.
l. Sinalizaranse os usos e actividades permitidas e prohibidas, no propio espazo e no seu contorno.
m. Os elementos de mobiliario elabororaranse preferentemente con materiais naturais e situaranse o máis lonxe posible dos elementos de valor.

4.- ALCANCE E CONTIDO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS E DAS ALTERNATIVAS CONSIDERADAS.

4.1.- DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL.

A situación urbanística actual, que impulsa a formulación deste instrumento de planeamento, explicouse nun apartado precedente referente aos obxectivos específicos da planificación consistente na implantación dunha área deportiva para un campo de fútbol, pavillón multiusos e pista de atletismo nuns terreos situados a carón do solo urbano. O estado actual dos terreos que forman o ámbito de estudo e a súa contorna describirase posteriormente no apartado de caracterización da situación do medio.

4.2.- ALTERNATIVAS CONSIDERADAS.

Descartada a alternativa de non formular o PEID correspondente coa ALTERNATIVA 0, analizáronse outras alternativas durante o proceso de planificación, que foran técnica e ambientalmente viables, para implantar o sistema xeral de equipamento deportivo de dominio e uso público.

O obxectivo da planificación foi dende o principio a creación dunha área ou cidade deportiva e o único emprazamento considerado foi a zona da *Lagoa*. As diferenzas na consideración das diversas alternativas referíronse unicamente ás instalacións a implantar na zona deportiva, a situación destas instalacións e á superficie do ámbito.

En base ás consideracións indicadas no parágrafo precedente empezouse cunha formulación moi ambiciosa que consideramos como **alternativa 1**, cunha actuación sobre un ámbito duns 84.000 m² para

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

implantar ata sete instalacións deportivas cunha importante actuacións edificatoria e urbanizadora. Unha vez descartada esta actuación pola súa inviabilidade económica, reduciuse drasticamente a superficie do ámbito ata uns 54.000 m², neste novo plantexamento, que identificamos como **alternativa 2** penso que a implantación é mais racional e asumible pero o problema é que non se da cumprimento á totalidade do programa demandado no informe dos Servicios municipais de deporte. O terceiro e definitivo paso foi ampliar de novo cara o norte o ámbito de actuación ata chegar á superficie definitiva de **81.551 m²** mantendo a formulación da alterna da alternativa 2 en canto á posición das pezas edificatorias e os espazos sen urbanizar cumprindo os mínimos indicados no informe antedito.

Como dixemos con anterioridade as tres alternativas situaríanse na mesma localización e emprazamento con tres límites fixos polo sur, leste e oeste coincidentes coa prolongación da rúa *Álvarez Sotomayor*; senda peonil que enlaza a rúa *Lagoa* e *O Ferradal* e a rúa *Vila de Negreira*. O límite que foi variando foi o do norte a medida que varía a superficie do ámbito. A continuación imos a describir brevemente as alternativas que se describen graficamente nos planos correspondentes.

4.2.1.- ALTERNATIVA 0.

Como xa dixemos esta alternativa que consistiría en non formular o presente instrumento de planeamento urbanístico, descartouse totalmente debido á necesidade de implantar unha zona deportiva en Carballo para cubrir as imperiosas necesidades de novas instalacións deportivas.

4.2.2.- ALTERNATIVA 1.

A primeira alternativa consiste na implantación dunha verdadeira cidade deportiva cun programa de máximos; estadio de fútbol para 4000 espectadores, pavillón multiusos cun aforo de 1000 espectadores, piscina cuberta con ximnasios, pistas polideportivas descubertas, complexo de tenis e pádel e dúas pistas de atletismo, unha cuberta e outra descuberta. Estas instalacións que terían unha superficie total de máis de 37.000 m² e unha considerable dotación de aparcadoiros e viario que suman en total case que 23.000 m² descartouse por varias razóns, a máis importante dende o punto de vista político foi a económica pero ademais existen outras que se indican a continuación:

- A superficie en estado natural é duns 24.500 m² que supón 29% do total da superficie de 84.000 m² sobre a que se actuaría. Para chegar ao mínimo do 50% do terreo natural habería que continuar ampliando o ámbito cara o norte ata chegar a unha superficie total duns 120.000 m². Esta opción descartouse neste momento aínda que se pode retomar no futuro.
- Como dixemos anteriormente o viario e aparcadoiros suman uns 23.000 m² cunha formulación pouco sustentable na zona da que se trata.
- Non se produce o obxectivo de conseguir unha continuidade e complementariedade funcional e ecolóxica coa contorna a través dos terreos en estado natural, en especial cara o leste coa zona verde de sistema xeral vinculada ao río Anllóns prevista no PXOM.
- O emprazamento das instalacións deportivas non compren o obxectivo de racionalizar a ocupación do solo, sitúanse buscando unicamente a mellor posición dende o punto de vista funcional e implicarían importantes movementos de terra na totalidade do ámbito.

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

- A transición co solo urbano dende a rúa *Vila de Negreira* non semella a mais axeitada utilizando unicamente as bolsas de aparcadoiro.
- Non se implementan medidas de mobilidade sustentable nin se consideran as accións previstas para esta zona na *Actualización da estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no Concello de Carballo.*

Imaxe da alternativa 1 en relación co solo urbano de Carballo ao oeste e a veiga do río Anllóns ao leste.

4.2.3. ALTERNATIVA 2.

Tal e como indicamos no principio deste apartado, unha vez descartada a alternativa anterior, traballamos sobre un ámbito mais reducido, tendo en conta os obxectivos específicos e ambientais da planificación enunciados no apartado 3:

- A relación racional coa contorna urbana prevendo unha transición adecuada entre as instalacións deportivas e a rúa *Vila de Negreira* que é o límite oeste do perímetro da Vila de Carballo previsto no PXOM.
- Transición e continuidade ecolóxica entre os espazos urbanizados e a contorna natural vinculada ao parque lineal do río Anllóns previsto no PXOM dispoñendo os espazos en estado natural no límite leste do ámbito a carón da senda peonil existente. Estes espazos supoñen un total duns 27.265 m² que cubre o mínimo do 50% do total da superficie do ámbito
- Inserción na estrutura viaria existente prevendo o tratamento axeitado das rúas *Vila de Negreira* e *Álvarez de Sotomayor* creando un aparcadoiro disuasorio de proximidade con acceso por esta rúa.
- Consideración das medidas de mobilidade sustentable previstas na *Actualización da estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no Concello de Carballo.*
- Adaptación da actuación á orografía dos terreos e alteración mínima en mais da metade dos terreos do ámbito.
- Emprazamento das instalacións na zona mais próxima ao solo urbano

O problema desta alternativa é que non se da cobertura ás necesidades mínimas que se establecen no informe do Servizo municipal de deportes do concello de Carballo asumido polo goberno municipal.

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

Imaxe da alternativa 2 en relación coa contorna.

4.2.4. ALTERNATIVA 3.

A alternativa 3 que foi finalmente a seleccionada responde aos obxectivos indicados para a alternativa 2 cubrindo as demandas mínimas de instalacións deportivas xa que permite implantar as mínimas necesarias para un futuro próximo; campo de fútbol, pavillón multiusos e pista de atletismo. Para elo tivemos que ampliar o ámbito cara o norte cunha superficie de 81.555 m². As características desta alternativa explicaranse no apartado referente aos motivos da alternativa elixida.

Imaxe da alternativa 3 en relación coa contorna.

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

5.- CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO ANTES DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

5.1. LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL.

O ámbito territorial do presente instrumento de planeamento localízase sobre uns terreos situados na zona leste do núcleo urbano de Carballo que ten o topónimo da *Lagoa*.

5.2. DESCRICIÓN XERAL DO ÁMBITO DE ESTUDIO.

O ámbito do plan especial está conformado por uns terreos baleiros situados no límite leste da Vila de Carballo lindeiros coa rúa *Vila de Negreira* que teñen caída cara o río Anllóns cunha lixeira pendente que oscila entre o 2,8% ao 3,8%. A zona mais alta, que coincide no límite oeste, corresponde aos terreos en contacto coa rúa *Vila de Negreira* que está a cota +116/+117 e a mais baixa á senda peonil que delimita o ámbito polo lindeiro leste que vai entre as cotas +107 a +109. Non se observan dentro do ámbito puntos elevados ou depresións que rompan coa pendente uniforme sinalada con anterioridade.

Non existe ningún curso de auga continuo nin descontinuo no ámbito, ao leste, descorre o río Anllóns polo paraxe do *Bosque do río Anllóns* moi utilizado polos veciños de Carballo como zona de paseo e lecer, neste paraxe celébrase a coñecida *Romaría do Bosque* que pon fin ás celebracións das festas patronais do *San Xoan*. Compre sinalar que nesta zona do Bosque o PXOM proxecta unha importante zona verde.

5.3. USOS DO SOLO. ELEMENTOS NATURAIS E CONSTRUCIÓNS EXISTENTES.

Segundo o mapa de usos e coberturas de alta resolución a escala 1/5000 (SIOSE 5K), os terreos do ámbito da MP correspóndense cunha cobertura de cultivos herbáceos e prados.

Na prospección e recoñecemento visual do ámbito realizada no mes de maio de 2024 púidose observar que existen algunhas zonas de cultivos forraxeiros, así como pequenas masas de arboredo e exemplares illados de escaso porte e de crecemento espontáneo. Non existen construcións nin edificacións.

Vistas do ámbito cara o norte e sur.

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

Vistas do ámbito dende a senda peonil cara o oeste.

A contorna do ámbito polos límites sur e oeste está moi antropizada, trátase dunha zona urbana con edificacións de vivenda unifamiliar e de residencial colectivo en altura que bordean as rúas que circundan o ámbito. Estas rúas son a *Vila de Negreira* que é unha das principais arterias de tráfico rodado da Vila de Carballo e acceso principal ao ámbito e as rúas *Álvarez de Sotomayor*, *Camiño do Bosque* e *Lagoa*.

Rúa Vila de Negreira cara o sur (esquerda) e norte (dereita).

Rúa Alvarez Sotomaior (esquerda) e cruce Camiño do Bosque e Lagoa (dereita).

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

Polos límites norte e leste, inmediatos á ribeira do río Anllóns, os terreos están en estado natural, na zona leste o plan xeral proxecta unha importante zona verde ao longo do curso fluvial do río Anllóns.

Vistas do ámbito dende o camiño que o delimita polo leste.

6.- RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DA ALTERNATIVA CONTEMPLADA.

Os motivos da elección da **alternativa 3** apúntanse no apartado 4.2. trátase dunha alternativa intermedia ou "de consenso" entre a barallada nun momento inicial que era a 1 que formula unha grande cidade deportiva, inviable economicamente neste momento e que non ten moi en conta a relación orgánica e ambiental coa contorna, e a 2 que se adapta mellor á contorna pero que non da cumprimento ás mínimas necesidades en materia de instalacións deportivas que son o obxecto e finalidade da formulación do presente instrumento urbanístico. En calquera caso o obxectivo futuro en relación ao programa de instalacións deportivas da cidade de Carballo estaría moi próximo á alternativa 1 pero optouse por formular unha primeira fase mais realista neste momento.

Esta alternativa cumpre cos obxectivos da planificación que se estableceron no apartado 3 que se resumen a continuación:

- Cubre as necesidades mais inmediatas de instalacións deportivas que se indican no informe elaborado polo Servizo municipal de deportes do concello de Carballo.
- Atópase nunha zona situada preto dun dos complexos deportivos mais importantes de Carballo como é o *Complexo deportivo da Vila de Noia* onde existe un pavillón polideportivo con espectadores unha piscina cuberta e unha sala de fitness.
- Amosa unha correcta accesibilidade a través dunha das vías da rede principal da cidade como é a rúa *Vila de Negreira*.
- A proximidade ao centro urbano comercial e administrativo permite que as zonas de estacionamento de vehículos previstas para estas instalacións se poidan utilizar como aparcadoiros disuasorios de proximidade.
- Pola mesma razón anterior a mobilidade peonil e ciclista ao ámbito é un plantexamento totalmente realista. Neste senso introdúcense as medidas previstas na *Actualización da estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no Concello de Carballo.*
- A orografía dos terreos é moi adecuada posibilitando a actuación prevista sen grandes movementos de terras.

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

- A previsión na posición das instalacións deportivas, aparcadoiros e zonas de acceso permiten unha boa inserción na malla urbana do contorno.
- A posición e tratamento dos espazos que quedan en estado natural garanten unha transición adecuada co gran parque asociado ao río Anllóns e zona do Bosque (SX-EL1) e unha utilización destes espazos como áreas de actividade deportiva programada moi demandada pola poboación.
- Dáse cumprimento as condicións de edificación no solo rústico dispostas na LSG e ás determinacións que se establecen no PXOM de Carballo para o sistema xeral de equipamentos.
- Non existen afeccións que impidan a implantación do uso global e pormenorizados previstos.

7.- EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES.

Tal e como se detalla a continuación non se prevé que o plan especial produza efectos ambientais nocivos, senón todo o contrario, poden resultar altamente positivos.

- Espazos naturais protexidos:

O plan especial non afecta a espazos naturais protexidos incluídos na Rede Natura 2000, na Rede Galega de Espazos Protexidos ou noutros espazos naturais protexidos.

O río Anllóns que se sitúa a unha media duns 150 metros do límite leste do ámbito está como hábitat do Plan Director da Rede Natura 2000, pero este treito do río non está considerado ZEPA nin ZEC. Unicamente compre mencionar que os terreos obxecto do PEID están incluídos na área de distribución potencial do *Plan de Recuperación da escribenta das canaveiras* e na zona 2 do *Plan de xestión do lobo en Galicia*, a actividade prevista non incide negativamente sobre os obxectivos destes dous plans.

- Fauna e flora:

Non existen no ámbito especies vexetais de interese ambiental relevante, non en tanto, as escasas masas arbóreas existentes integraranse nas zonas en estado natural. No PEID prevense unha serie de accións concretas para a posta en valor e mellora da vexetación e do estado natural dos terreos:

a. Respectaranse, no posible, as masas vexetais autóctonas, en especial as de arboredo.
b. Reforzaranse as plantacións existentes con especies autóctonas, preferentemente, de procedencia local.
c. Eliminaranse as especies alóctonas especialmente as invasoras.
d. Manterase o estado natural dos terreos en mais do 50% da superficie do ámbito respectando as especies vexetais existentes e realizando a plantación de novos exemplares de arboredo autóctono
e. A actuación producirá a mínima alteración do relevo natural do terreo. Os movementos de terras e alteración da topografía serán os mínimos necesarios sen que se produzan desmontes e/ou recheos que superen 1,50 m. de altura respecto do terreo orixinal. Os noiros xerados remataranse con vexetación ou con valados de pedra natural ou de formigón visto cun tratamento adecuado.

- Ciclo hídrico:

Non se producen efectos sobre o ciclo hídrico xa que no ámbito de estudo non existen cursos de auga permanentes nin zonas de potencial risco de inundación dos cursos de auga situados na súa contorna.

-Desenvolvemento social:

A aplicación desta planificación xerará efectos moi positivos sobre a saúde pública e o desenvolvemento social do concello de Carballo e reforzará a súa posición como cabeceira da comarca de Bergantiños e do sistema urbano intermedio de *"Carballo e a costa de Bergantiños"* definido nas Directrices de ordenación do territorio

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

(DOT), debido a que se posibilitará a implantación dunha nova dotación de equipamento deportivo moi necesaria que dará servizo aos habitantes do municipio e comarca.

É importante que teñamos en conta que o incremento da actividade física é unha tendencia actualmente en aumento que continuará no futuro. As evidencias científicas revelan que os hábitos de vida das persoas están directamente relacionados coa súa saúde e a práctica de actividade física axuda notablemente na prevención de multitude de patoloxías. Por elo os organismos públicos están a promocionar cada vez mais a práctica do deporte.

O aumento da práctica deportiva "por libre" tamén incide na adaptación do espazo urbano e rural, o 60% da práctica deportiva realízase en espazos públicos, urbanos, ou no medio natural. Aproveitar esta circunstancia pode supoñer un aforro no custo de construción de instalacións deportivas convencionais, intervir sobre espazos urbanos ou rurais pode ser en moitas ocasións máis rendible tanto económica como socialmente. Nesta liña existen moitas iniciativas e programas de intervención para transformar solares, ou camiños veciñais, co obxectivo de destinalos á práctica deportiva e de actividade física.

No presente caso trátase de intervir dende o punto de vista urbanístico cunha dobre finalidade; proxectar un espazo para novas instalacións deportivas que resultan moi necesarias en Carballo e aproveitar un entorno natural que cunha lixeira intervención se poida empregar para a práctica do deporte.

-Atmosfera, solo, enerxía e xeración de residuos:

A aplicación do plan especial no vai a xerar efectos negativos sobre a atmosfera, clima, contaminación do solo ou xeración de residuos, en todo caso mellorará estas variables. Neste sentido compre destacar a implementación de arboredo que é un captador de CO_2 e a previsión de medidas en materia de mobilidade sustentable que reduzan ao máximo o desprazamento en vehículos privados de motor.

-Paisaxe:

No estudo da paisaxe da memoria informativa faise unha análise do ámbito do plan especial e da contorna inmediata no que se conclúe que non existen ámbitos ou elementos de especial valor ou significación paisaxística, naturais, ecolóxicos, culturais ou patrimoniais no ámbito da planificación.

As edificacións e instalacións a implantar no ámbito, debido ao seu uso e capacidade, van a ter unha importante presenza polo que prevense unha serie de medidas para evitar no posible impactos negativos na contorna. A tales efectos compre considerar que a contorna do ámbito polos límites sur e leste está fortemente urbanizada e construída con edificios plurifamiliares de vivenda de ata cinco plantas, aínda que tamén existen vivendas unifamiliares e que a zona de contacto prodúcese por medio dunha rúa cunha importante densidade de tráfico como é a *Vila de Negreira*.

A pesares do anterior no plan especial preveranse medidas que minimicen no posible a presencia dos volumes construídos e a transición axeitada cara o leste que é o que se atopa en estado mais natural, entendendo como tal que se trata dunha zona de agras e pasteiros:

a. O aspecto mais importante refírese á localización das instalacións deportivas na zona mais próxima ao solo urbano edificado e con acceso inmediato á *Vila de Negreira*.
b. En consonancia co anterior a zona leste do ámbito en contacto co espazo libre previsto no PXOM a carón do río Anllóns quedará en estado natural e mesmo naturalizarase con plantación de arboredo.
c. A posición das edificacións nas áreas denominadas nos planos de ordenación como EQ-1 e EQ-2 requirirán as adaptacións topográficas necesarias. A este respecto compre sinalar que a cota de implantación fixarase no plan especial procurando a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo das zonas lindeiras que quedan en estado natural.

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

d. As edificacións a situar no ámbito e o tratamento dos espazos exteriores deberán ser da máxima calidade arquitectónica, para elo convocaranse concursos de arquitectura.
e. Para o acabamento das edificacións empregaranse materiais e técnicas construtivas que ofrezan un resultado de alta calidade estética, funcional e durable. Empregarase como referencia a *Guía de cor e materiais de Galicia* para as edificacións especiais illadas en solo rústico da *Grande Área Paisaxística Chairas e Fosas Occidentais*.
f. Para o tratamento dos espazos exteriores teranse en conta os criterios para o carácter, morfoloxía e tipoloxía dos espazos públicos disposto na *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos* da GAP *Chairas e Fosas Occidentais*.

-Patrimonio cultural:

Non existe ningún elemento integrante do patrimonio cultural de Galicia no ámbito da planificación nin nas proximidades do mesmo.

-Consumo de auga:

A rede de abastecemento que pasa pola fronte do ámbito, consistente nunha tubaxe de fundición de 200 mm de diámetro (FD200), garante un caudal máis que suficiente para os novos usos previstos no plan especial.

-Vertidos de augas residuais:

As augas residuais xeradas conduciranse por gravidade ao colector xeral de PVC de 400 mm de diámetro que descorre ao longo do curso do río Anllóns.

-Residuos sólidos urbanos:

Nas rúas que rodean ao ámbito existe recollida municipal selectiva de RSU. Cando se materialicen as actuacións propostas no plan especial haberá que incluír as novas zonas na rede deste servizo.

-Contaminación lumínica:

As novas zonas urbanizadas dotarase de iluminación mediante luminarias con lámpadas LED que non xeren contaminación lumínica. Na zona en estado natural non se prevé incorporar alumeado público.

-Consumo de enerxía:

Os novos usos xerarán mais consumo enerxético, para paliar este efecto, as novas instalacións dotaranse de fontes enerxéticas que minimicen o consumo de enerxía eléctrica convencional, tales como paneis fotovoltaicos e caldeiras de biomasa como xa ocorre nas instalacións deportivas existentes na actualidade.

8. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE A NORMATIVA SECTORIAL E OS INSTRUMENTOS TERRITORIAIS CONCORRENTES.

8.1.- AFECCIÓNS DA LEXISLACIÓN SECTORIAL.

A única afección da normativa sectorial é de carácter mineiro debida á concesión *"Virgen de la Estrella"* (AC/B/01006) para aproveitamento de augas minerais, industriais e de manancial.

No *Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia* modificado polo *Decreto 116/2001, do 10 de maio,* establécense as condicións xerais de aproveitamento deste tipo de augas e defínense os perímetros de protección para a conservación do acuífero.

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

O ámbito de actuación do PEID está situado na zona de restricións medias (ZME) da concesión. As actuacións contempladas no plan non se encadran nas actividades prohibidas do anexo I do *Decreto 116/2001, do 10 de maio, polo que se modifica o Decreto 402/1996, do 31 de outubro.*

8.2.- INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

Os instrumentos de ordenación territorial que afectan ao municipio de Carballo non inciden sobre o ámbito do plan especial. Debido á envergadura das novas instalacións e a súa posible incidencia comarcal, na memoria do borrador xustifícase o cumprimento das determinacións do apartado 5 das DOT para equipamentos supramunicipais.

9. MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVIR, REDUCIR E CORRIXIR CALQUERA EFECTO NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO AMBIENTE DA APLICACIÓN DA PLANIFICACIÓN.

Tal e como se analizou no punto 7 anterior, entendemos, que a actuación prevista na presente planificación terá efectos positivos sobre o ambiente e sobre todo na saúde da poboación e no seu desenvolvemento social.

Por outra banda no estudo da paisaxe da memoria do borrador faise unha análise do ámbito do plan especial e da contorna inmediata no que se conclúe que non existen ámbitos ou elementos de especial valor ou significación paisaxística, naturais, ecolóxicos, culturais ou patrimoniais no ámbito da planificación.

Debido á importante presenza e volume das edificacións a implantar no ámbito formúlanse unha serie de medidas para evitar no posible impactos negativos na contorna e que mesmo poidan incidir de forma positiva. A tales efectos compre ter en conta as características desta contorna que conta cunha importante consolidación edificatoria a base de edificios de uso residencial plurifamiliares e unifamiliares e cun grao de urbanización moi importante. Ademais a zona de contacto prodúcese por medio dunha rúa cun importante volume de tráfico como é a *Vila de Negreira*.

No apartado 7 apúntanse unha serie de medidas para minimizar no posible a presencia dos volumes construídos e a transición axeitada cara o leste que é a zona que se atopa en estado mais natural. A continuación reprodúcense e desenvólvense todas as medidas para reducir e corrixir no seu caso os efectos da planificación no medio ambiente:

- MEDIDAS PREVENTIVAS:

- <u>OROGRAFÍA:</u> A orografía do terreo é moi apta para as actuacións pretendidas. Os terreos amosan unha lixeira pendente cara o leste que oscila entre o 2,8% ao 3,8%, a zona mais alta no límite oeste, corresponde aos terreos en contacto coa rúa *Vila de Negreira* e a mais baixa á senda peonil que delimita o ámbito polo leste. Non se observan dentro do ámbito puntos elevados ou depresións que rompan con esta pendente uniforme.

  Para controlar a mellor adaptación posible dos volumes construídos á topografía fixaranse as cotas de implantación ou rasantes de referencia que se tomarán para medir as alturas dos futuros edificios. Para mitigar parcialmente o impacto das novas instalacións producida pola altura máxima necesaria, que supón uns 13 metros, estas cotas de referencia refúndense entre 2,5 e 3,5 metros respecto do terreo natural do contorno inmediato. Ademais prevense outras medidas paliativas dende o punto de vista paisaxístico mediante a disposición dunha barreira de arboredo fronte a rúa *Vila de Negreira* e a creación dun espazo libre con

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

importantes masas de árbores entre as instalacións e a senda peonil que delimita o ámbito polo leste. Penso que con este esquema prodúcese unha "transición" gradual e adecuada das novas instalacións deportivas entre o solo urbano residencial e as zonas mais naturalizadas situadas nas marxes do río Anllóns.

Tal e como se indica nas condicións de implantación que se establecen no borrador, a actuación producirá a mínima alteración do relevo natural do terreo. Os movementos de terras e alteración da topografía serán os mínimos necesarios sen que se produzan desmontes e/ou recheos que superen 1,50 m. de altura respecto do terreo orixinal. Os noiros xerados remataranse con vexetación ou con valados de pedra ou formigón.

- HIDROGRAFÍA: Tal e como sinalamos anteriormente non existen cursos fluviais dentro do ámbito nin zonas de potencial risco de inundación dos cursos de auga situados na contorna polo tanto non se producen afeccións sobre o ciclo hídrico.
- PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL: Non existe ningún elemento integrante do patrimonio cultural de Galicia no ámbito da planificación nin nas proximidades do mesmo, polo tanto, non hai que adoptar medidas preventivas deste tipo.
- MEDIDAS PARA REDUCIR OS EFECTOS NEGATIVOS NA PAISAXE:

Tal e como se conclúe no estudo da paisaxe da memoria informativa, non se detectaron valores paisaxísticos naturais, culturais ou de uso que afecten ao ámbito de estudo e tampouco existen zonas de especial exposición visual significativa nin se detectaron impactos paisaxísticos negativos.

Con todo, propóñense unha serie de medidas co fin de integrar adecuadamente as edificacións e os elementos de urbanización, que resulten da presente planificación, na paisaxe urbana circundante, así como outras dirixidas a implantar a mobilidade sustentable e mitigar o impacto de xénero. Todas estas medidas concretaranse en determinacións que se incorporarán na normativa do plan especial.

Tendo en conta que os terreos do ámbito están clasificados como solo rústico, as medidas axustaranse ao disposto nas *Normas e Recomendacións* que se dispoñen nas *Directrices da paisaxe de Galicia* para esta clase de solo. En especial á DX.08 na que se establecen os criterios do planeamento urbanístico en solo rústico, así como as DX.17 e DX.22 referentes aos criterios de integración paisaxística para as construcións ou instalacións en solo rústico e para a execución de cerramentos, valados ou sebes.

- MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA:

- Implantación.
  - No ámbito non existen elementos de interese paisaxístico, non en tanto, a implantación evitará, no posible, a eliminación das escasas especies arbóreas existentes. No caso de eliminación substituiranse por outras e mesmo reforzaranse con novos exemplares autóctonos, preferentemente, locais.
  - As únicas edificacións que se poderán implantar no ámbito son as correspondentes ás instalacións deportivas previstas nas zonas EQ-1 e EQ-2 que se sitúan na franxa oeste do ámbito mais próxima á rúa *Vila de Negreira* que marca o límite do solo urbano de Carballo.

    Tal e como indicamos anteriormente fixaranse dende o plan especial as cotas de implantación mais altas respecto do terreo natural e incluiranse outras medidas de mitigación como é a plantación de arboredo na contorna dos edificios. Con estas medidas téntase conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.
  - A actuación producirá a mínima alteración do relevo natural do terreo. Os movementos de terras e alteración da topografía serán os mínimos necesarios sen que se produzan desmontes e/ou recheos que superen 1,50

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

m. de altura respecto do terreo orixinal. Os noiros xerados remataranse con vexetación ou con valados de pedra ou de formigón visto cun tratamento adecuado.

- Manterase o estado actual dos terreos en mais do 50% da superficie da parcela respectando as especies arbóreas existentes. As plantacións de novos exemplares serán con especies autóctonas locais.

- Acabados da edificación.

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais e cores que se utilicen nos elementos construtivos das instalacións deportivas serán acordes á especialidade dos edificios buscando a máxima calidade arquitectónica posible mediante a convocatoria de concursos de arquitectura.
- Para o acabamento das edificacións empregaranse materiais e técnicas construtivas que ofrezan un resultado de alta calidade estética, funcional e durable. Para o acabamento da envolvente poderá empregarse como referencia a Guía de cor e materiais de Galicia para as edificacións especiais illadas en solo rústico da *Grande Área Paisaxística* (GAP) *Chairas e Fosas Occidentais*.
- Para o acabado dos cerramentos prohíbense expresamente os cores vivos e discordantes, así como aqueles materiais que degraden visualmente a paisaxe pola súa cor, brillo ou similares, así como as fábricas de ladrillo ou bloque de formigón sen revestir.
- Condicións das cubertas:
  - As cubertas poderán ser planas, inclinadas ou curvas. No caso das cubertas inclinadas estarán formadas por faldróns rectos sen crebas nas súas vertentes e realizaranse nunha gama de cor congruente co da fachada utilizando as combinacións da *Guía de cor e materiais de Galicia* para o tipo indicado no apartado Prohíbense expresamente os materiais bituminosos, tellas de cemento, fibrocemento ou chapas onduladas plásticas e metálicas, e en todo caso, aqueles que produzan brillos.
  - A altura de cumio non poderá superar 3,60 metros medidos a partir da cara superior do forxado de teito do derradeiro andar ou do arrinque inferior da vertente de cuberta.
  - A pendente dos faldróns inclinados non será superior a 40º.
  - Carpintarías e cerrallarías. Para as carpintarías e cerrallarías utilizarase unha gama de cor congruente co da fachada e cuberta utilizando as combinacións da *Guía de cor e materiais de Galicia* para as edificacións especiais illadas en solo rústico da *GAP Chairas e Fosas Occidentais*.

- Cerramentos e valados.

- Permitiranse unicamente os valados necesarios para resolver as diferenzas de nivel que se produzan, tanto nas zonas transformadas como na zona en estado natural. Neste caso aplicaranse os criterios indicados con anterioridade referentes á utilización de pedra natural ou formigón visto cun tratamento adecuado.
- Prohíbense expresamente os tipos de pedra alleos á contorna, tales como perpiaños de tons rosados e/ou grises escuros, así como os enreixados metálicos de carácter ornamental de forxa ou fundición.
- Conservaranse , sempre que sexa posible, as sebes, valados tradicionais de pedra, aliñacións de árbores e outros sistemas de delimitación tradicional como elementos valiosos da paisaxe.

- Materiais, acabados, mobiliario e vexetación nas zonas exteriores transformadas:

- Criterios xerais: Empregaranse materiais de boa calidade que garanten un comportamento adecuado ao paso do tempo. Coidarase o acabado e detalles construtivos, considerando o mantemento e procurando utilizar materiais da contorna ou de proximidade.
- Pavimentos: Considerarase a dureza e resistencia para o tipo de tráfico previsto, esvaricidade e mantemento. Os materiais a utilizar de forma preferente serán os seguintes:

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

- Prazas: Lousas de pedra granítica, formigón continuo con acabado lavado ou desactivado ou lousas prefabricadas con xunta aberta ou tomadas con formigón, dependendo da solución de drenaxe adoptada.
- Aparcamentos: As vías de circulación resolveranse con formigón continuo con acabado cepillado ou lavado empregando áridos da zona. Para as prazas de aparcadoiro utilizaranse celosías prefabricadas de formigón (lousa céspede) recheas de terra e sementadas con herba.
- Rúas: Nas zonas de calzada utilizarase formigón continuo con acabado cepillado ou lavado, as beirarrúas e zonas peonís resolveranse mediante baldosas de formigón do mesmo tipo que o empregado nas rúas da contorna.
- Carrís bici: Resolveranse con mestura bituminosa en quente do tipo dos existentes no resto da cidade.
- Prohíbese o emprego de materiais con tonalidades ou acabados non adaptados á contorna, tales como formigón estampado e/ou coloreado e aglomerados asfálticos.

- Escaleiras, bancadas e ramplas: Os pavimentos deberán ser homoxéneos co empregado na pavimentación das prazas a base de lousas de pedra granítica, formigón continuo ou lousas prefabricadas de formigón.
- Peches, varandas e defensas: Serán metálicas, preferentemente de aceiro mate ou rematado con oxirón. Prohíbense expresamente os acabados brillantes.
- Drenaxes: Utilizaranse preferentemente sistemas de infiltración ao terreo (pavimentos filtrantes e gabias verdes). Como alternativa pódese optar por canalizacións en superficie en cuxo caso acompañarán aos percorridos peonís e utilizarán pedra ou formigón.
- Mobiliario:
  - Bancos: Utilizarase pedra granítica, formigón e/ou madeira.
  - Papeleiras: Serán do mesmo modelo que se usa no resto da cidade.
  - Colectores: Deberanse protexer mediante cobre-colectores do tipo que se utiliza na contorna urbana.
- Vexetación: Empregaranse especies autóctonas. Prohíbese a plantación de especies invasoras ou agresivas e eliminaranse as especies alóctonas, especialmente as invasoras.
- Iluminación: Utilizaranse os criterios de funcionalidade da *Guía*, dependendo das tipoloxías de espazos considerados. Estarán equipadas con lámpadas LED.

- Materiais, acabados, mobiliario e vexetación nas áreas exteriores en estado natural.
- Pavimentación e ordenación interior do ámbito. Como criterio xeral deberase reducir ao mínimo a ocupación do ámbito con pavimentos duros utilizándose preferentemente materiais permeables que permitan o emprego de técnicas de drenaxe sostible. Prohíbese o emprego de materiais con tonalidades ou acabados non adaptados ao medio rural, tales como formigón estampado e/ou coloreado e os aglomerados asfálticos.
- Manteranse e respectaranse as masas arbóreas e vexetais autóctonas existentes.
- Reforzaranse as plantacións existentes con especies autóctonas, preferentemente, locais. Prohíbese a plantación de especies invasoras ou agresivas e eliminaranse as especies alóctonas, especialmente as invasoras.
- Sinalizaranse os usos e actividades permitidas e prohibidas, no propio espazo e no seu contorno.
- Os elementos de sinalización e mobiliario elaboraranse preferentemente con materiais naturais.
- Pavimentos: Nas sendas naturais e áreas de actividade ximnástica utilizaranse preferentemente pavimentos de terra e/ou gravilla compactada. Puntualmente poderanse utilizar lousas de pedra granítica con xunta aberta tomadas sobre cama de area e/ou madeira a base de tarima rañurada, travesas ecolóxicas, entarugado,....

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

- Valados: De ser necesarios construiranse mediante pezas irregulares de granito ou cachotería. Tamén poderase empregar formigón visto en cor gris ou con pigmentos pardos, encofrados con táboas ou texturas similares.
- Escaleiras, bancadas e ramplas: Construiranse con lousas de pedra granítica, formigón visto ou madeira.
- Pasarelas, peches, varandas e defensas: Serán de madeira.
- Drenaxes: Utilizaranse sistemas de infiltración directa ao terreo.
- Mobiliario:
  - Bancos: Utilizarase pedra granítica e/ou madeira.
  - Papeleiras: Disporanse unicamente nas sendas e construiranse preferentemente en madeira.
  - Xogos infantís: Permítese a instalación de xogos infantís para actividade física construídos con materiais naturais e cores integradas na contorna. .
  - Aparellos de ximnasia: Poderanse instalar zonas de aparellos biosaludables e parques de calistenia.
- Vexetación:
  - Árbores, especies arbustivas e plantas herbáceas: Utilizaranse especies autóctonas.
  - Pradeiras: Utilizaranse especies de herba autóctona, de baixo ou nulo mantemento.
- Iluminación: En principio non se prevé a colocación de elementos de aparellos de iluminación.

- MEDIDAS PARA GARANTIR A MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE:

A fin de acadar os obxectivos de mobilidade sustentable e accesibilidade universal integraranse as medidas previstas na *Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no Concello de Carballo* aprobada polo Pleno Municipal o 29 de xullo de 2019 e a súa *Actualización* aprobada o 25 de novembro de 2024 que afectan ao plan especial:

- Incorporarase un carril bici segregado pola rúa Vila de Negreira que enlazará a nova área deportiva cara o sur coa glorieta de A Milagrosa.
- Teranse en conta os itinerarios peonís propostos nas inmediacións do ámbito pola *Estratexia* que afectan ao plan especial:
  - *Itinerario Vila de Negreira* enlazando a rúa Sol co núcleo rural de O Ferradal.
  - *Senda natural entre a rúa Lagoa e Vila de Negreira*: Coincidente co camiño peonil que delimita o ámbito do PEID polo leste conectando a rúa Lagoa ao sur co núcleo rural de O Ferradal ao norte.
- *Aparcadoiros de proximidade*: Na *Estratexia* proponse unha zona de estacionamento de proximidade cunha estimación dunhas 200 prazas. No presente borrador proxéctanse tres bolsas de estacionamento cun total dunhas 330 prazas.
- Os accesos ao ámbito e a súa ordenación interior cumprirán có disposto na normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. En especial a *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade*, o *Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na C.A. de Galicia* e a *Orden TMA/851/2021, de 23 de julio, por la que se desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados*. Os aspectos principais indícanse a continuación:
  - O acceso ao ámbito dende a contorna contará cun itinerario peonil accesible.
  - As áreas de estancia exteriores do ámbito deberán cumprir coas condicións dispostas na base 1.1.7. do *Código de Accesibilidade* (C.A.) do D. 35/2000 e no artº 6 da *Orden TMA/851/2021*.

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible

- Os elementos de urbanización; pavimentos, reixas, tapas de instalacións, ramplas, escaleiras e vexetación cumprirán co disposto no CAP. V da *Orden TMA/851/2021* e na Base 1.2. do C.A..
- O mobiliario que se dispoña no ámbito cumprirá co disposto no capítulo VIII da *Orden TMA/851/2021* e na Base 1.4. do *Código de Accesibilidade*.

- MEDIDAS DE MITIGACIÓN DO IMPACTO DE XÉNERO:

- Os espazos exteriores contarán cunha iluminación correcta como elemento de seguridade.
- Garantirase unha boa visibilidade, evitando recunchos calexas e estreitamentos. Desde calquera punto do espazo público deberíase poder ver a calquera persoa da contorna, incluíndo escaleiras ou aparcamentos.
- Realizaranse deseños "transparentes" de portais e vestíbulos, de maneira que desde dentro póidase observar o espazo público próximo. As portas deberían ser de vidro transparente co interior ben iluminado
- Establecerase unha clara sinalización e identificación do espazo, que permita recoñecer e orientarse sen dificultade de modo que sexan espazos de todos e todas.
- Evitarase a utilización de elementos opacos ou efectos barreira que reduzan ou impidan a visibilidade dos percorridos. Desde calquera punto do espazo público deberíase poder ver a calquera persoa da contorna.
- Sinalizaranse os percorridos, no posible, con elementos de orientación visibles e precisos.
- Incorporarase mobiliario urbano adecuado pensando nos usos e na compatibilidade das diferentes estacións do ano, usos a sol e sombra, proximidade de control de áreas de xogo de nenos ou zonas accesibles a persoas maiores e os seus coidadores e a persoas de mobilidade reducida permanente ou ocasional.
- Os espazos de tránsito deseñaranse de modo que as cadeiras de rodas, carros de bebes , persoas con andadores, persoas con mobilidade reducida e aquelas que transitan con carros, por exemplo os da compra, poidan fai un uso cómodo e óptimo do espazo .
- Incluirase na información pública previa a calquera proceso participativo sempre a diferenciación por sexos, e adecuar as propostas de intervención en consecuencia.

10.- MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUEMENTO AMBIENTAL DO PLAN.

Tendo en conta o contido da presente planificación e dado que o seu desenvolvemento carece de efectos significativos sobre o medio ambiente, non se consideran medidas de seguimento ambiental.

A Coruña, novembro de 2024

O arquitecto xefe do area de urbanismo e obras

Alfredo Garrote Pazos

FIRMADO POR ALFREDO GARROTE PAZOS (FECHA: 25/11/2024 20:30:22)
Versión imprimible